



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Curso superior de capacitación para o desempeño da función de inspección de servizos sociais.

**CONVOCATORIA:** Curso superior de capacitación para o desempeño da función de inspección de servizos sociais

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

**ÁREA:** Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	CONVENIO	<b>HORAS:</b>	120
-----------------------	----------------	--------------	----------	---------------	-----

<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AUTONÓMICA	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2024
------------------------	------------	----------------	-----------	-------------	------

<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	MIXTO	<b>TIPOLOXÍA:</b>	SUPERIOR	<b>EDICIÓNS:</b>	1
-------------------------	-------	-------------------	----------	------------------	---

**DATA MATRÍCULA:** Do 26/03/2024 - 09:00h ao 03/04/2024 - 23:59h

**RESPONSABLE:** SIMÓN CUESTA, BEATRIZ [beatriz.simon.cuesta@xunta.gal]

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Este curso superior pretende capacitar o persoal que opta ou desempeña postos de inspección de servizos sociais cos coñecementos específicos dos diferentes ámbitos de actuación, así como coas habilidades necesarias para o correcto desenvolvemento destas funcións.

ESTE CURSO FOI CANCELADO !!

Pendente nova convocatoria en próximas datas aínda por determinar.

### DESTINATARIOS

Persoal funcionario dos subgrupos A1, A2 e C1 da Administración autonómica galega, dos seus entes públicos instrumentais e da Administración institucional que se encontre en situación de servizo activo ou asimilada.

Terán preferencia na selección as persoas con titulación universitaria (licenciatura ou grao correspondente) en Dereito, Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía, Educación Social, Relacións Laborais, Traballo Social, Ciencias Políticas e Socioloxía.

Quedarán excluídas da selección as solicitudes das persoas que xa completasen en anteriores convocatorias da EGAP o Curso superior para capacitación para o desempeño da función de inspección de servizos sociais.

### PROGRAMA

Este curso superior abordará os seguintes temas:

1. Os servizos sociais. Antecedentes e evolución. Regulación. A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Sistema de garantías do Sistema galego de servizos sociais.
2. Rexistro e autorizacións. Normativa técnica relacionada.
3. A inspección. Funcións e procedementos de actuación. Ámbitos de actuación.
4. As actas de inspección. Protección de dereitos. Procedemento sancionador.
5. Servizos comunitarios e inclusión.
6. Igualdade.
7. Menores.
8. Infancia e familia.
9. Maiores e discapacidade.
10. O Sistema de atención á dependencia e promoción da autonomía.
11. Calidade. A acreditación. Xestión de centros e programas de servizos sociais.
12. Outras habilidades do persoal inspector.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión, unha vez excluídas as solicitudes das persoas que xa completaron este curso en exercicios anteriores, realizarase de acordo cos seguintes criterios de prelación:

1º. Persoal funcionario coas titulacións establecidas como preferentes na base cuarta da convocatoria DOG desta actividade.

2º. Resto de persoal funcionario.

Dentro de cada un dos grupos anteriores en que se dividen os criterios de prelación, a orde de selección virá determinada pola data e a hora de inscrición.

### DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

- As solicitudes de participación nesta actividade formativa só poderán realizarse mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible no enderezo <<https://egap.xunta.gal/matricula>>. As solicitudes entenderanse presentadas unha vez que se complete correctamente o proceso de matriculación.

- Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade, todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo coas persoas destinatarias e criterios de selección establecidos nas bases cuarta e oitava, respectivamente, da convocatoria DOG.

- As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área en que está integrada esta actividade (Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e despois seleccionar en «nome do curso» o seguinte: Curso superior de capacitación para o desempeño da función de inspección de servizos sociais.

- O prazo para a inscrición permanecerá aberto desde as 9.00 horas do día 26 de marzo de 2024 ata as 23.59 horas do día 3 de abril de 2024.

- Antes de que finalice o prazo de inscrición as persoas solicitantes deberán enviar ao correo electrónico [novas.egap@xunta.gal](mailto:novas.egap@xunta.gal) unha copia das súas titulacións.

## 3. DATOS EDICIÓNS

### MIXTA

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 11/04/2024 a 10/05/2024

**NUM. PRAZAS:** 25

**ESTADO:** NORMAL

**DATA EXAME:** 23/05/2024 ás 17:00h

### DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE